



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 27 DE AGOSTO DE 2015.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas do día vinte e sete de agosto de dous mil quince, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Álvarez
- D. Miguel A. Español Otero
- D. Paulino Rodríguez Gonzalez
- D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz
- D. Manuel Javier Crespo Gonzalez

**Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

#### **PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES**

---

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 13 de agosto de 2015 ó que responden negativamente os concelleiros presentes na mesma, polo que a referidas acta foi aprobada co abstención do Sr. Manuel Javier Crespo Gonzalez.

#### **PUNTO 2.- INFORMES DE SERVICIOS SOCIAIS**

---

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 17 de agosto de 2015 relativo á modificación de horas no Servizo de Axuda no Fogar de D<sup>a</sup>. C.A.R.. a partir do 15/08/2015 que pasará a 56 horas mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta modificación.

#### **PUNTO 3.- INSTANCIAS**

---

Lese o escrito RE 5.509 de data 19 de agosto de 2015, presentado por DNA. PATRICIA VICENTE VILLA, con enderezo na rúa Laxes-Buxán, nº 9 da Guarda, solicitando unha rampa de acceso á Policía Local da Guarda.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se realizará.

Lese o escrito RE 5.493 de data 18 de agosto de 2015, presentado por D. MARCOS ALONSO GONZALEZ, con enderezo na rúa Tui, nº 14-1ª da Guarda, solicitando que se poña solución ó socavón que existe na rúa na que reside, que se retule o nome da rúa e que se regule o tramo que ofrece problemas de circulación.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle:



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- Respecto do socavón que xa se iniciaron os trámites para a súa solución.
- Respecto da mala regulación do tráfico, que no existe tal problema e que de momento é un tramo de vía en precario de acceso peatonal e ben sinalizado
- Respecto da rotulación, que se levará a cabo.

Lese o escrito RE 5.485 de data 18 de agosto de 2015, presentado por ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS SANTA TECLA, solicitando autorización para o uso da cociña do albergue os martes e xoves dos meses de outubro, novembro e decembro.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 5.465 de data 17 de agosto de 2015, presentado por ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E PROPIETARIOS "O PERCAMIÑO", con enderezo a efectos de notificacións na Praza dos Seixiños, s/n da Guarda, solicitando autorización para a celebración do V Serán, da XXIX Festa da Zorza, da XV Carreira Pedestre Julia Vaquero e das Festas da Mercedes os días 19, 25, 26 e 27 de setembro, respectivamente. Asimesmo solicitan:

- Vallas e palco para o serán o sábado 19 de setembro
- Permiso para a tirada de fogos.
- Presenza da Policía Local para a carreira pedestre e para procesión .
- Vallas para a recinto da festa da zorza
- Conos para a delimitación da carreira pedestre.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado. No que respecta á tirada de fogos, a Xunta de Goberno Local recórdalle que deberán contar con todos os permisos pertinentes.

Lese o escrito RE 5.605 de data 24 de agosto de 2015, presentado por DNA. ALMUDENA VERDE PEREZ, con enderezo na rúa 7ª Transv. Solanas, nº 13 da Guarda, solicitando o pavimentado urxente da rúa onde reside.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 6.336 de data 28 de outubro de 2014, presentado por D. J.J.G.V., con enderezo na rúa Rosal-Molino de Abajo, nº 4-1ª de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Rúa Rosal-Molino de Abajo, nº 4-1ª.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 1º trimestre do ano 2015 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 4º trimestre de 2015 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 1.771 de data 24 de marzo de 2015, presentado por D. J.E.L.V., con enderezo na rúa Brasilino Álvarez nº 4-4º esq. de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Brasilino Álvarez nº 4-4º esq.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 3º trimestre do ano 2015 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 2º trimestre de 2016 incluído, debendo volver a



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

realizar a solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 5.243 de data 09 de setembro de 2014, presentado por D. C.S.B., con enderezo en Avda. San Lorenzo nº 19 de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Avda. San Lorenzo nº 19.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 1º trimestre do ano 2015 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 4º trimestre de 2015 incluído, debendo volver a realizar a solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 5.395 de data 16 de setembro de 2014, presentado por D. J.V.G., con enderezo en Rúa Laxes nº 9 de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Rúa Laxes nº 9 baixo.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 2º trimestre do ano 2015 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 1º trimestre de 2016 incluído, debendo volver a realizar a solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 0028 de data 05 de xaneiro de 2015, presentado por Dª M.E.A.L, con enderezo en Rúa Concepción Arenal nº 8 de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Rúa Concepción Arenal nº 8 Baixo.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 2º trimestre do ano 2015, recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos unicamente para o 2º trimestre de 2015 xa que o título de familia numerosa caduca o 27 de abril do 2015, debendo volver a realizar a solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 204 de data 12 de xaneiro de 2015, presentado por Dª. M.C.A.F., con enderezo en Rúa Manuel Álvarez nº 6-2º C de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Rúa Manuel Álvarez nº 6-2º C.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 2º trimestre do ano 2015 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 1º trimestre de 2016 incluído, debendo volver a realizar a solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 6.974 de data 21 de novembro de 2014, presentado por D. M.B.V., con enderezo na Rúa San Cayetano nº 40 de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Rúa San Cayetano nº 40 Baixo.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 2º trimestre do ano 2015 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 1º trimestre de 2016 incluído, debendo volver a realizar a solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 855 de data 11 de febreiro de 2015, presentado por D<sup>a</sup>. T.L.E., con enderezo en 1ª Transv. Roda nº 6 de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario 1ª Transv. Roda nº 6 Baixo.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 2º trimestre do ano 2015 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 1º trimestre de 2016 incluído, debendo volver a realizar a solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 7.032 de data 25 de novembro de 2014, presentado por D<sup>a</sup>. M.V.D., con enderezo en Transv. Colón nº 2 de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Transv. Colón nº 2 Baixo.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 2º trimestre do ano 2015 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 1º trimestre de 2016 incluído, debendo volver a realizar a solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 265 de data 14 de xaneiro de 2015, presentado por D<sup>a</sup>. C.G.V.G., con enderezo en Cmn. Longra nº 36 B de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Cmn. Longra nº 36 B.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 2º trimestre do ano 2015 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 1º trimestre de 2016 incluído, debendo volver a realizar a solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 1.439 de data 18 de marzo de 2014, presentado por D<sup>a</sup>. F.P.S., con enderezo en Rúa Lugo nº 11-1º de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Rúa Lugo nº 11-1º.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 3º trimestre do ano 2014 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 2º trimestre de 2015 incluído, debendo volver a realizar a solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 7.259 de data 22 de decembro de 2014, presentado por D<sup>a</sup>. M.E.G.R, con enderezo en Rúa Bajo Muro nº 24 de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto Rúa Bajo Muro nº 24 Baixo.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 2º trimestre do ano 2015 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 1º trimestre de 2016 incluído, debendo volver a realizar a solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 1.434 de data 06 de marzo de 2015, presentado por D<sup>a</sup>. M.A.V., con enderezo en Rúa Brasilino Álvarez nº 4-5º D de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto Rúa Brasilino Álvarez nº 4-5º D.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 3º trimestre do ano 2015 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 2º trimestre de 2016 incluído, debendo volver a realizar a solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 1.527 de data 11 de marzo de 2015, presentado por D<sup>a</sup>. C.M.C.A., con enderezo en Rúa Circunvalación nº 122 de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto Rúa Circunvalación nº 122.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 3º trimestre do ano 2015 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 2º trimestre de 2016 incluído, debendo volver a realizar a solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 5.438 de data 14 de agosto de 2015, presentado por D. ANGEL BAZ VICENTE – PORTAVOZ DO BNG, solicitando que se restableza o alumeadado público na rúa Oliva e se faga un seguimento de toda a instalación para evitar que se volva a repetir.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que xa está resolto.

Lese o escrito RE 5.573 de data 21 de agosto de 2015, presentado por D. ANGEL BAZ VICENTE – PORTAVOZ DO BNG, solicitando que se tomen as medidas necesarias e oportunas relacionadas coa recollida de lixo na zona do Porto.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que xa se están executando dende o inicio do verán medidas de reforzo para a limpeza e para a recollida de lixo tanto con medios propios como cos medios que temos contratados, incluso ampliando novos servizos.

Lese o escrito RE 5.487 de data 18 de agosto de 2015, presentado por DNA. M<sup>a</sup> CONCEPCIÓN ORTEGA MARTINEZ – PORTAVOZ DO PP, solicitando que se actúe contra a presenza de carrouchas na rúa Secundino Melón.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que, xirada visita ó lugar, non se detectou a presenza de carrouchas na rúa, se ben rógaselle que identifiquen o propietario do inmovible onde as observaron para tomar as medidas necesarias.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 5.591 de data 24 de agosto de 2015, presentado por D. CELSO RODRIGUEZ FARIÑAS –PORTAVOZ DE CONVERXENCIA GALEGA, solicitando o arranxo da situación de abandono e suciedade do depósito que se atopa baixo o Centro de Saúde.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle o seu agradecemento pola información e pola colaboración.

Lese o escrito RE 5.453 de data 24 de agosto de 2015, presentado por D. CELSO RODRIGUEZ FARIÑAS –PORTAVOZ DE CONVERXENCIA GALEGA, denunciando o estado de abandono no que se atopa a zona da Devesa-Castiñeira.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle o seu agradecemento pola colaboración e preocupación polos veciños que alí residen e tomaranse as medidas necesarias en canto se poida.

### **PUNTO IV.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES**

---

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE 2.501/2014.- D. JOAQUIN VICENTE VICENTE, PARA INSTALACIÓN DUN INVERNADOIRO DE 4,00 X 3,50 MTS. PARA USO DOMÉSTICO E PLANTAS ORNAMENTAIS DE XARDIN, SITO NA RÚA DE RÍAS Nº. 11 (PARCELA Nº. 146 DO POLÍGONO 17).

EXPEDIENTE: 692/2015.- D. JOSÉ BENITO LOMBA RODRÍGUEZ, PARA REPARACIÓN DE FACHADA CONSISTENTE NA RETIRADA DE RECERCADOS DAS VENTÁS E FAIXAS DE PEDRA PAIS POR ATÓPARSE SOLTAS CON PERIGO DE DESPRENDEMENTO, PARA POSTERIOR LUCIDO E PINTADO EN IMITACIÓN PEDRA, DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE JOAQUIN ALONSO Nº. 3 CON FONDO A RÚA DE MANUEL LOMBA Nº. 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.643/2015.- D<sup>a</sup>. MARÍA GLORÍA VICENTE LOMBA, PARA SUBSTITUIR A TELLA VELLA POR NOVA TELLA DO PAIS NUNHA SUPERFICIE DE 35,00 M<sup>2</sup>. E COLOCAR AS VERTENTES DE AUGA AO EXTERIOR COS RESPECTIVOS CAEIROS DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE MALTESES Nº. 43, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.870/2015.- D. VICTOR MANUEL LOMBA GONZÁLEZ, PARA SUBSTITUIR REVESTIMENTO DE FACHADA DE LOCAL COMERCIAL CONSISTENTE NA DEMOLICIÓN DE APLACADO EXISTENTE E COLOCACIÓN DE GRANITO BLANCO CHAMPAN DE 2 CMS. EN TODO FRENTE NUNHA SUPERFICIE DE 50,00 M<sup>2</sup>., E SELADO DE CARPINTERIA EXTERIOR SITO NA RÚA DE TRANSVERSAL TRONCOSO Nº. 1-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 3.108/2015.- D. FLORENTINO SANTOS ALONSO ÁLVAREZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 100,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE NA LIMPEZA CON MÁQUINA A PRESIÓN DO FIBROCEMENTO EXISTENTE PARA POSTERIOR COLOCACIÓN DE TELLA VERMELLA DO PAIS, NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 1º



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

TRANSVERSAL OUTEIRO-CASCALLAR Nº. 10, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE 3.002/2014.- D. CAMILO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 180,00 M<sup>2</sup>., CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA E NOVA FORMACIÓN CON TELLA MIXTA COLOCADA SOBRE TABLEIRO EXISTENTE, FORMACIÓN DE ALEIRO DE TELLA EN HASTIALES E REVESTIDO EXTERIOR CON MORTERO DE CEMENTO EN REMATE TELLAS, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE 2º TRV. BECHOS Nº. 11, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "BECHOS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 3.510/2015.- D. JOSÉ ALFONSO CASTRO, PARA RENOVACIÓN PAVIMENTO PATIO EXTERIOR DA VIVENDA NUNHA SUPERFICIE DE 250,00 M<sup>2</sup>., CONSISTENTE EN LEVANTADO DE SOLEIRAS EXTERIORES EN PEDRA PARA POSTERIOR COLOCACIÓN DE ADOQUIN DE 10X10X10 CMS. E ASENTADO CON MORTERO DE CEMENTO SEMI-SECO E REXUNTADO SUPERFICIAL, SITA NA RÚA DE 1º TRV. SAA Nº. 3, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 3.555/2015.- D. ROGELIO URBANO VICENTE, PARA REFORMA DE CUBERTA DA VIVENDA UNIFAMILIAR NUNHA SUPERFICIE DE 148,00 M<sup>2</sup>., CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA E ENTRAMADOS DE MADEIRA EXISTENTES E SUBSTITUILOS POR VIGUETAS PREFABRICADAS DE CEMENTO, CHAPAS DE URALITA SUXEITAS CON GANCHOS E COLOCACIÓN DA TELLA DO PAIS CON REMATE DE CUMIOS E ALEIROS, SITA NA AVDA. DE BUXÁN Nº. 22, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 3.935/2015.- D. JAIME ÁLVAREZ SOUTO, PARA REPARAR A CUBERTA DA VIVENDA UNIFAMILIAR NUNHA SUPERFICIE DE 94,00 M<sup>2</sup>., CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA EXISTENTE POR OUTRA TIPO VEEA DE COR BERMELLA, IMPERMEABILIZACIÓN DE CHIMENEA CON PINTURA DE CAUCHO E REVESTIDO DE REMATES DE ALEIROS CON MORTERO DE CEMENTO, SITA NA RÚA DE CENTEARES Nº. 10, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "ROSENTES" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

*Sendo as dez horas o sr. Presidente levanta a sesión da que eu como secretario dou fe.*